

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO O 04.09.2014

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 18.05 h. do 04.09.2014 e baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar sesión ordinaria.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Ponte, Alejandro Dopico Rodríguez, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Iván Puentes Rivera, Antón Lois Noceda Carballo, Amalia García Balado, María Carmen Silvar Canosa, José Antonio López Rodríguez, Juventino José Trigo Rey, Rita María Couto Seijido, Manuel Polo Gundín, Inés Roca Requeijo, Justo Martínez Ardá e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario accidental:

Fernando Aradas García

Interventora accidental:

María Milagros López Álvarez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 709/2014 á 866/2014

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di respecto da resolución 823/2014, xa que o orzamento de investimento que se aproba é de 49000 euros e logo apróbase o proxecto da instalación por un importe de 54000 euros.

A concelleira de Urbanismo, Rocio Aurora Bértoa Ponte, di que nun principio estaba previsto unha obra nas caldeiras da piscina, que sobraron cartos e por vinculación incorporouse nesa Xunta de Goberno Local.

Os concelleiros danse por informados.

2. Dación de conta da remisión de información do 2º trimestre do exercicio 2014 en cumprimento da Orde HAP/2105/2012, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira

Os concelleiros danse por informados.

3. Aprobación, se procede, do acordo relativo ao Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente con 2 votos a favor do grupo municipal do PP e 4 abstencións (1 do grupo municipal socialista, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 25.08.2014:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE FACENDA PROMOCIÓN ECONÓMICA, FORMACIÓN E EMPREGO



Mediante Resolución da Alcaldía núm 181/2014 de data 27.02.2014, esta alcaldía mostra a intención/vontade de formar unha agrupación cos Concellos de Cabanas, A Capela, Ares, Fene, Miño, Mugar dos, Neda, Paderne e Pontedeume, todos eles limítrofes, co fin de colaborar na xestión compartida do "Proxecto de eficiencia enerxética no alumeadado público na agrupación dos concellos Cabanas, A Capela, Ares, Fene, Miño, Mugar dos, Neda, Paderne e Pontedeume", sendo o ámbito territorial da actuación a dos ditos municipios, e manter a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O 18.06.2014 (DOG núm. 126, do 4 de xullo de 2014) o Instituto Enerxético de Galicia ditou a Resolución pola que se concede aos Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne unha subvención para a renovación de instalacións de iluminación pública exterior existentes ao abeiro da Resolución do 23 de decembro de 2013 (DOG núm. 18, do 28 de xaneiro de 2014), código de expediente: IN417P/14A57.

Os Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne redactan conxuntamente o "Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeadados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne".

Tendo en conta o anterior, visto o informe de secretaría de 13.08.2014 e de intervención de 21.08.2014, PROPONSE Ó PLENO, previo ditame da Comisión Informativa de asuntos económicos, facenda e especial de contas, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o "Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeadados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne", que se transcribe a continuación:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CABANAS, MUGARDOS, ARES, FENE, NEDA, A CAPELA, PONTEDEUME, MIÑO E PADERNE PARA AS OBRAS DE PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DOS CONCELLOS DE CABANAS, MUGARDOS, ARES, FENE, NEDA, A CAPELA, PONTEDEUME, MIÑO E PADERNE.

Inega – IDAE – Feder Galicia (2007-2013)

En Cabanas, a _____ de ____ de 2014.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde do Concello de Cabanas, Germán Castrillón Permuy ,con N.I.F. 32626020 Z, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o Alcalde do Concello de Mugar dos, Xosé Fernández Barcia, con N.I.F.32554596M, en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Ares, Julio Ignacio Iglesias Redondo, con N.I.F.32649797D, en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Fene, Gumersindo Pedro Galego Feal,con N.I.F.76404133L , en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Neda, José Ignacio G. Cabezón Lorenzo,con N.I.F. 32612712T, en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de A Capela, Manuel Meizoso López, con N.I.F. 32652404V , en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Pontedeume, Gabriel Torrente Piñeiro, con N.I.F. 32622219P , en nome e representación do referido concello.



Outra parte, o Alcalde do Concello de Miño, Jesús Veiga Sabín, con N.I.F.32626043Z , en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Paderne, César Longo Queijo, con N.I.F. 32403032B , en nome e representación do referido concello.

Todos en nome e representación da Corporación Local correspondente, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente Convenio para a xestión compartida do proxecto de mellora da eficiencia enerxética e iluminación pública, solicitado ao abeiro da Resolución do 23 de Decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o ano 2014 de aforro e eficiencia enerxética a proxectos de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existente nos concellos de Galicia (ILE), no marco do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega do día 3 de xullo de 2008 e con financiamento en parte procedente de fondos comunitarios derivados do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013 e concedida una subvención por importe de 178.975,54€ por Resolución de data 18 de Xuíño de 2014.

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun concello por encomenda da xestión a outros concellos, cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar novos servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e POTENCIAR SEMPRE QUE RESULTE POSIBLE A XESTIÓN COMPARTIDA das actuacións públicas. A prestación dos servizos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Cuarto.- Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implantando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, reducindo custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Quinto.- Neste sentido, cómpre optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a devandita xestión compartida na prestación dos

C.I.F.: P-1503600-G



servizos públicos, de forma e maneira que o impacto da crise económica sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos reduzan en parte a crítica situación económica dalgúns concellos.

Sexto.- Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico de Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Sétimo.- Na propia resolución de convocatoria determínase a posibilidade de formalizar a solicitude de axuda baixo a modalidade de agrupación de concellos, establecéndose no artigo 4 das Bases reguladoras que tales agrupacións poderán ser beneficiarias da subvención que, se é o caso, se conceda. A tal efecto, faise constar expresamente tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, así como o importe da subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas propias dos beneficiarios dunha subvención. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Por todo o anterior, na actual situación de crise xa aludida, a xestión compartida de servizos configúranse como unha das posibles solucións para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA do proxecto de mellora da eficiencia enerxética e iluminación pública, redactado por Juan Manuel Rey Gómez, por un importe total de 174.016,08 € máis 36.543,38 € de IVE, dando un total de 210.559,46 €, mediante o presente convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. OBXECTO

Créase unha agrupación entre o Concello de Cabanas, o Concello de Mugar dos, o Concello de Ares, o Concello de Fene, o Concello de Neda, o Concello de A Capela, o Concello de Pontedeume, o Concello de Miño e o Concello de Paderne, para colaborar na xestión compartida do proxecto de mellora da eficiencia enerxética e iluminación pública, denominado "proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne" redactado por Juan Manuel Rey Gómez en xuño de 2014, sobre a base do disposto na Resolución do 23 de Decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o ano 2014 de aforro e eficiencia enerxética a proxectos de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes (ILE) nos concellos de Galicia, no marco do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega o día 3 de xullo de 2008 e con financiamento en parte procedente de fondos comunitarios derivados do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 18, do 28 de xaneiro de 2014 e posterior Resolución de concesión de subvención por Resolución de data 18 de Xuño de 2014 (DOG 4 de Xullo de 2014).

Segunda. ÁMBITO TERRITORIAL E DELIMITACIÓN DAS ACTUACIÓNS.

O ámbito territorial da xestión compartida do proxecto abrangue os respectivos termos municipais de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne.

En concreto, as instalacións previstas no citado proxecto sitúanse nas seguintes zonas:

- Zonas de O Sardiñas, A Casilla (termo municipal de Cabanas)
- Zonas de Rúa Casas, Rúa San Victorio, Rúa Chousa (termo municipal de Mugar dos)
- Zonas de Os Castros, O Raso (termo municipal de Ares)
- Zonas de Estrada Palma, Pedrón, Estrada Ribeira Maniños (termo municipal de Fene)
- Zonas de Toeira (Cadro 2), Fausto Cansado, Roxal (termo municipal de Neda)
- Zona de Sande, Mourente e Cruce Capilla (termo municipal de A Capela)
- Zona de Esteiro, Esteiro 2 (Lourido), Campolongo (termo municipal de Pontedeume)



- Zona de Travesía 2 Perbes, Travesía 3 Perbes, Travesía Perbes (termo municipal de Miño)
- Zona de Porto, Areas (termo municipal de Paderne)

En todo caso, os concellos deberán acreditar no expediente que son titulares dos terreos onde se executarán os investimentos, así como autorizar ao concello xestor do proxecto para a realización das obras.

Terceira. DESIGNACIÓN DO CONCELLO XESTOR DO PROXECTO E ÁMBITO ADMINISTRATIVO DA ENCOMENDA.

Designase ao Concello de Cabanas (este é o concello representante) como xestor do proxecto denominado "proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de cabanas, Mugar dos, ares, Fene, Neda, a capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de cabanas, Mugar dos, ares, Fene, Neda, a capela, Pontedeume, Miño e Paderne"

Esta encomenda suporá as tramitacións administrativas seguintes:

1. Tramitación e seguimento do expediente de subvención ante o Inega.
2. Tramitación do expediente de contratación das obras relativas ao conxunto das instalacións previstas.
3. Xustificación posterior dos investimentos

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade dos concellos encomendantes ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Cuarta. COMPROMISOS ASUMIDOS POLO CONCELLO DE CABANAS COMO REPRESENTANTE DA AGRUPACIÓN.

Coa sinatura do presente Convenio de colaboración o Concello de Cabanas asumirá os compromisos seguintes:

- 1.- O Concello de Cabanas será quen realice todos os trámites administrativos que conflúen nesta actuación compartida, é dicir, tanto os derivados do expediente aberto a instancia da entidade convocante da axuda (Inega), como os relativos ao expediente de contratación e seguimento da execución do conxunto dos traballos.
- 2.- Facultase á Alcaldía de Cabanas para que represente a todos os concellos integrantes da agrupación tan amplamente como sexa preciso, coa finalidade de realizar cantas xestións resulten necesarias ata a execución e xustificación dos investimentos previstos.
- 3.- Asumir todas as condicións e prescricións contidas na Resolución do 18 de Xuño de 2014 , xa citada.
- 4.- Comprometerse a respectar o destino das instalación subvencionadas por un período mínimo de 5 anos, que se contarán dende a data de xustificación dos investimentos que figure na documentación que obre no expediente da axuda.
- 5.- Así mesmo o Concello de Cabanas comprométese a facilitar, se é o caso, aos restantes membros da agrupación que así o soliciten, toda aquela documentación que forme parte do expediente administrativo que se esté a tramitar como representante da agrupación.

Quinta. COMPROMISOS ASUMIDOS POLOS RESTANTES CONCELLOS DA AGRUPACIÓN.

Coa sinatura do presente Convenio os referidos Concellos asumirán os compromisos seguintes:



1.- Con respecto á tramitación do expediente de solicitude e xustificación de subvención, facilitarán toda a documentación esixida na Resolución de convocatoria da axuda do Inega.

2.- Así mesmo deberán poñer a disposición do Concello de Cabanas os terreos libres de cargas e gravames, con carácter temporal, e mentres dure a realización das obras. Igualmente asumirse a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias correndo cos gastos que xeren, no suposto de que sexa necesario.

Concederáse, se é o caso, a preceptiva licenza de obra para proceder á realización do investimento.

De toda esta tramitación darase traslado ao Concello de Cabanas (representante da agrupación), aos efectos de constancia no expediente correspondente.

3.- Con respecto á tramitación do expediente de contratación será o Concello de Cabanas quen licite as obras.

4.- Transferir a parte proporcional que lle corresponda como achega ao proxecto, unha vez que se aprobe polo órgano competente do Concello o presente convenio e así poder iniciar o expediente de contratación.

O ingreso efectuarase na seguinte conta bancaria de titularidade do Concello de Cabanas: ES1320800201983110000052

5.- Asumir todas as condicións e prescricións da Resolución do 18 de Xuño de 2014, anteriormente mencionada.

6.- Comprometerse a respectar o destino do investimento por un período mínimo de 5 anos contados desde a súa xustificación, quedando os investimentos afectos á actividade subvencionada.

Sexta. PRESUPOSTO E APORTACIÓNS MUNICIPAIS AO PROXECTO

O presuposto para a execución do proxecto de "proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne " ascende á cantidade total de 210.559,46 € (IVE induído), dos que 8.334,14 € (IVE incluído) correspondente á actuación a desenvolver no Concello de Cabanas, 55.246,08 € (IVE incluído) no Concello de Mugar dos, 28.299,79 € (IVE incluído) no Concello de Ares, 21.921,04 € (IVE incluído) no Concello de Fene, 36.066,62€ (IVE incluído) no Concello de Neda, 12.944,70 € (IVE incluído) no Concello de A Capela, 20.178,76 € (IVE incluído) no Concello de Pontedeume, 17.808,68 € (IVE incluído) no Concello de Miño e 9.759,64 € (IVE incluído) no Concello de Paderne tal e como se reflicte nos seguintes cadros orzamentarios:

INVESTIMENTO TOTAL DESAGREGADO DO PROXECTO CONXUNTO			
Investimentos parciais	Orzamento sen IVE	IVE	Orzamento total
Concello de Cabanas	6.887,72 €	1.446,42 €	8.334,14 €
Concello de Mugar dos	45.657,92 €	9.588,16 €	55.246,08 €
Concello de Ares	23.388,26 €	4.911,53 €	28.299,79 €
Concello de Fene	18.116,56 €	3.804,48 €	21.921,04 €
Concello de Neda	29.807,12 €	6.259,50 €	36.066,62 €
Concello de A Capela	10.698,10 €	2.246,60 €	12.944,70 €

Concello de Pontedeume	16.676,66 €	3.502,10 €	20.178,76 €
Concello de Miño	14.717,92 €	3.090,76 €	17.808,68 €
Concello de Paderne	8.065,82 €	1.693,82 €	9.759,64 €
TOTAL INVESTIMENTO CONCELLOS	174.016,08 €	36.543,38 €	210.559,46 €

APORTACIÓNS DOS CONCELLOS AGRUPADOS			
Concello	Orzamento total (con IVE)	Importe da axuda (*)	Achega municipal
Concello de Cabanas	8.334,14 €	7.084,02 €	1.250,12 €
Concello de Mugarbos	55.246,08 €	46.959,17 €	8.286,91 €
Concello de Ares	28.299,79 €	24.054,82 €	4.244,97 €
Concello de Fene	21.921,04 €	18.632,88 €	3.288,16 €
Concello de Neda	36.066,62 €	30.656,63 €	5.409,99 €
Concello de A Capela	12.944,70 €	11.003,00 €	1.941,70 €
Concello de Pontedeume	20.178,76 €	17.151,95 €	3.026,81 €
Concello de Miño	17.808,68 €	15.137,38 €	2.671,30 €
Concello de Paderne	9.759,64 €	8.295,69 €	1.463,95 €
TOTAL INVESTIMENTO CONCELLOS	210.559,46 €	178.975,54 €	31.583,91 €

*Segundo Resolución do 18 de xuño de 2014 ascende ao 85%

Sétima. RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO.

Cada un dos Concellos asumirá a totalidade dos gastos derivados de cada un dos investimentos que sexan realizados no seu termo municipal, que en parte serán resarcidos en virtude da axuda concedida para a actuación correspondente.

Por conseguinte, o custo das obras para o Concello de Cabanas supón a cantidade de 1.250,12 € (IVE incluído), para o Concello de Mugarbos a cantidade de 8.286,91 € (IVE incluído), para o Concello de Ares a cantidade de 4.244,97 € (IVE incluído), para o Concello de Fene a cantidade de 3.288,16 € (IVE incluído), para o Concello de Neda a cantidade de 5.409,99 € (IVE incluído), o Concello de A Capela a cantidade de 1.941,71€ (IVE incluído), o Concello de Pontedeume a cantidade de 3.026,81€ (IVE incluído), o Concello de Miño a cantidade de 2.671,30€ (IVE incluído) e no Concello de Paderne a cantidade de 1.463,95 € (IVE incluído). Todo iso sen prexuízo das posibles baixas que se poidan producir como consecuencia do proceso de contratación do conxunto das obras por parte do Concello de Cabanas, o que suporía unha diminución proporcional da contía da axuda.

En todo caso, os Concellos de Mugarbos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne deberán ingresar nas Arcas Municipais do Concello de Cabanas a cantidade de aportación propia que lle corresponda, antes do inicio do expediente de contratación, para poder certificar a existencia de consignación orzamentaria de conformidade co establecido no TRLCSP e no TRLRFL.

De acordo coa Resolución de convocatoria do 23 de decembro de 2013, os pagos que se deriven das obras deberán realizarse por parte do concello representante da agrupación, en todo caso, antes da data límite de xustificación do investimento que segundo o disposto no artigo 21 das Bases reguladoras é o día 31 Outubro 2014, sen prexuízo da prorroga que puidera concederse ampliando esta data.

Para a execución de dito pago os restantes Concellos da agrupación deberán efectuar con cinco días de antelación a data límite de pago a cantidade correspondente ao custo total da actuación en cada Concello descontado a cantidade ingresada de acordo ca cláusula quinta en concepto de aportación propia e de ser o caso a cantidade proporcional correspondente ao 15% de anticipo

se fose concedido de acordo co artigo 23 da Resolución de convocatoria do 23 de decembro de 2013 e solicitado en data 10 Marzo de 2014.

Concello	Orzamento total	Investiment o elixible	Importe axuda (85%)	Achega Municipal	Anticipo 25%(*)	A Ingresar
Concello de Cabanas	8.334,14 €	8.334,14 €	7.084,02 €	1.250,12 €	1.771,01 €	5.313,02 €
Concello de Mugar dos	55.246,08 €	55.246,08 €	46.959,17 €	8.286,91 €	11.739,79 €	35.219,38 €
Concello de Ares	28.299,79 €	28.299,79 €	24.054,82 €	4.244,97 €	6.013,71 €	18.041,12 €
Concello de Fene	21.921,04 €	21.921,04 €	18.632,88 €	3.288,16 €	4.658,22 €	13.974,66 €
Concello de Neda	36.066,62 €	36.066,62 €	30.656,63 €	5.409,99 €	7.664,16 €	22.992,47 €
Concello de A Capela	12.944,70 €	12.944,70 €	11.003,00 €	1.941,71 €	2.750,75 €	8.252,24 €
Concello de Pontedeume	20.178,76 €	20.178,76 €	17.151,95 €	3.026,81 €	4.287,99 €	12.863,96 €
Concello de Miño	17.808,68 €	17.808,68 €	15.137,38 €	2.671,30 €	3.784,35 €	11.353,04 €
Concello de Paderne	9.759,64 €	9.759,64 €	8.295,69 €	1.463,95 €	2.073,92 €	6.221,77 €
TOTAIS	210.559,46 €	210.559,46 €	178.975,54 €	31.583,92 €	44.743,89 €	134.231,65 €

*Datos estimados supoñendo un anticipo do 25%.

Logo da xustificación do proxecto e posterior ingreso por parte da Comunidade Autónoma da subvención concedida, o Concello de Cabanas transferirá nos cinco días seguintes o importe de subvención correspondente a cada Concello.

No caso de que resulte minorada a subvención pola Comunidade Autónoma, dita minoración será asumida polo Concello obxecto da mesma ou en todo caso de tratarse dunha minoración conxunta será asumida polos Concellos en proporción a súa participación .

Concello	IMPORTE DA AXUDA CONCEDIDA A DEVOLVER
Concello de Cabanas	5.313,02 €
Concello de Mugar dos	35.219,38 €
Concello de Ares	18.041,12 €
Concello de Fene	13.974,66 €
Concello de Neda	22.992,47 €
Concello de A Capela	8.252,24 €
Concello de Pontedeume	12.863,96 €
Concello de Miño	11.353,04 €
Concello de Paderne	6.221,77 €
TOTAIS	134.231,65 €

Oitava. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

O presente convenio, que ten natureza administrativa, terá a vixencia temporal que o vincule coa xestión e execución do seu obxecto.

As discrepancias que xurdan na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello.

No non previsto neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á resolución de convocatoria das subvencións.



Os conflitos que se susciten no desenvolvemento deste convenio poranse en coñecemento da citada comisión; no caso de que non se chegue a acordo sobre as discrepancias litixiosas sustanciaranse na arde xurisdiccional contencioso administrativa.

Serán causas de extinción deste convenio:

- non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

Novena. VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente Convenio quedará automaticamente sen efecto no suposto de que non se perciba finalmente a axuda económica que se solicita do Inega.

No caso de concesión e posterior perfeccionamento do dereito ao cobro da axuda, a súa vixencia será de 5 anos aos efectos de xustificación dos fondos Feder Galicia 2007-2013.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por decuplicado exemplar.

O Alcalde de Cabanas	O Alcalde de Mugardos
Asdo.: Germán Castrillón Permuy	Asdo.: Xosé Fernández Barcia
O Alcalde de Ares	O Alcalde de Fene
Asdo.: Julio Ignacio Iglesias Redondo	Asdo.: Gumersindo Galego Feal
O Alcalde de Neda	O Alcalde de A Capela
Asdo.: José Ignacio G. Cabezón Lorenzo	Asdo.: Manuel Meizoso López
O Alcalde de Pontedeume	O Alcalde de Miño
Asdo.: Gabriel Torrente Piñeiro	Asdo.: Jesús Sabín Veiga
O Alcalde de Paderne	
Asdo.: César Longo Queijo	

SEGUNDO.- Facultar ó alcalde do Concello de Fene para realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio.

TERCEIRO.- Proceder á publicación do presente acordo, co contido do convenio, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Fene, 21 de agosto de 2014



O concelleiro”

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que trátase dun convenio de colaboración para poder executar a subvención do Inega.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que anuncia a abstención ata que vexa o proxecto. Non viron o proxecto no expediente e por iso a súa postura será a abstención, segundo o que xa dixo na Comisión.

O concelleiro Juan José Franco Casal di que se deu conta na Comisión das obras que se van realizar e o proxecto figura na solicitude de subvención. O alcalde engade que a subvención é o solicitado por un concello de cabeceira. O concelleiro Juventino José Trigo Rey di que non van votar a favor dunha proposta no que non conta de proxecto, que falla claridade e transparencia.

A concelleira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, di que se vai abster por falla de documentación.

Sometido o asunto a votación foi aprobada por maioría simple por 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 11 abstencións (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o “Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne”, que se transcribe a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CABANAS, MUGARDOS, ARES, FENE, NEDA, A CAPELA, PONTEDEUME, MIÑO E PADERNE PARA AS OBRAS DE PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DOS CONCELLOS DE CABANAS, MUGARDOS, ARES, FENE, NEDA, A CAPELA, PONTEDEUME, MIÑO E PADERNE.

Inega – IDAE – Feder Galicia (2007-2013)

En Cabanas, a _____ de ____ de 2014.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde do Concello de Cabanas, Germán Castrillón Permuy ,con N.I.F. 32626020 Z, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o Alcalde do Concello de Mugar dos, Xosé Fernández Barcia, con N.I.F.32554596M, en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Ares, Julio Ignacio Iglesias Redondo, con N.I.F.32649797D, en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Fene, Gumersindo Pedro Galego Feal,con N.I.F.76404133L , en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Neda, José Ignacio G. Cabezón Lorenzo,con N.I.F. 32612712T, en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de A Capela, Manuel Meizoso López, con N.I.F. 32652404V , en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Pontedeume, Gabriel Torrente Piñeiro, con N.I.F. 32622219P , en nome e representación do referido concello.



Outra parte, o Alcalde do Concello de Miño, Jesús Veiga Sabín, con N.I.F.32626043Z , en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Paderne, César Longo Queijo, con N.I.F. 32403032B , en nome e representación do referido concello.

Todos en nome e representación da Corporación Local correspondente, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente Convenio para a xestión compartida do proxecto de mellora da eficiencia enerxética e iluminación pública, solicitado ao abeiro da Resolución do 23 de Decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o ano 2014 de aforro e eficiencia enerxética a proxectos de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existente nos concellos de Galicia (ILE), no marco do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega do día 3 de xullo de 2008 e con financiamento en parte procedente de fondos comunitarios derivados do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013 e concedida una subvención por importe de 178.975,54€ por Resolución de data 18 de Xuño de 2014.

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun concello por encomenda da xestión a outros concellos, cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar novos servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e POTENCIAR SEMPRE QUE RESULTE POSIBLE A XESTIÓN COMPARTIDA das actuacións públicas. A prestación dos servizos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Cuarto.- Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas

públicas responsables coa actual situación, implantando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, reducindo custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Quinto.- Neste sentido, cómpre optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a devandita xestión compartida na prestación dos servizos públicos, de forma e maneira que o impacto da crise económica sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos reduzan en parte a crítica situación económica dalgúns concellos.

Sexto.- Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico de Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Sétimo.- Na propia resolución de convocatoria determínase a posibilidade de formalizar a solicitude de axuda baixo a modalidade de agrupación de concellos, establecéndose no artigo 4 das Bases reguladoras que tales agrupacións poderán ser beneficiarias da subvención que, se é o caso, se conceda. A tal efecto, faise constar expresamente tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, así como o importe da subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas propias dos beneficiarios dunha subvención. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Por todo o anterior, na actual situación de crise xa aludida, a xestión compartida de servizos configúranse como unha das posibles solucións para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA do proxecto de mellora da eficiencia enerxética e iluminación pública, redactado por Juan Manuel Rey Gómez, por un importe total de 174.016,08 € máis 36.543,38 € de IVE, dando un total de 210.559,46 €, mediante o presente convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. OBXECTO

Créase unha agrupación entre o Concello de Cabanas, o Concello de Mugar dos, o Concello de Ares, o Concello de Fene, o Concello de Neda, o Concello de A Capela, o Concello de Pontedeume, o Concello de Miño e o Concello de Paderne, para colaborar na xestión compartida do proxecto de mellora da eficiencia enerxética e iluminación pública, denominado "proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne" redactado por Juan Manuel Rey Gómez en xuño de 2014, sobre a base do disposto na Resolución do 23 de Decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o ano 2014 de aforro e eficiencia enerxética a proxectos de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes (ILE) nos concellos de Galicia, no marco do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega o día 3 de xullo de 2008 e con financiamento en parte procedente de fondos comunitarios derivados do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 18, do 28 de xaneiro de 2014 e posterior Resolución de concesión de subvención por Resolución de data 18 de Xuño de 2014 (DOG 4 de Xullo de 2014).

Segunda. ÁMBITO TERRITORIAL E DELIMITACIÓN DAS ACTUACIÓNS.

O ámbito territorial da xestión compartida do proxecto abrangue os respectivos termos municipais de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne.

En concreto, as instalacións previstas no citado proxecto sitúanse nas seguintes zonas:



- Zonas de O Sardiñas, A Casilla (termo municipal de Cabanas)
- Zonas de Rúa Casas, Rúa San Victorio, Rúa Chousa (termo municipal de Mugardos)
- Zonas de Os Castros, O Raso (termo municipal de Ares)
- Zonas de Estrada Palma, Pedrón, Estrada Ribeira Maniños (termo municipal de Fene)
- Zonas de Toeira (Cadro 2), Fausto Cansado, Roxal (termo municipal de Neda)
- Zona de Sande, Mourente e Cruce Capilla (termo municipal de A Capela)
- Zona de Esteiro, Esteiro 2 (Lourido), Campolongo (termo municipal de Pontedeume)
- Zona de Travesía 2 Perbes, Travesía 3 Perbes, Travesía Perbes (termo municipal de Miño)
- Zona de Porto, Areas (termo municipal de Paderne)

En todo caso, os concellos deberán acreditar no expediente que son titulares dos terreos onde se executarán os investimentos, así como autorizar ao concello xestor do proxecto para a realización das obras.

Terceira. DESIGNACIÓN DO CONCELLO XESTOR DO PROXECTO E ÁMBITO ADMINISTRATIVO DA ENCOMENDA.

Desígnase ao Concello de Cabanas (este é o concello representante) como xestor do proxecto denominado "proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de cabanas, Mugardos, ares, Fene, Neda, a capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de cabanas, Mugardos, ares, Fene, Neda, a capela, Pontedeume, Miño e Paderne"

Esta encomenda suporá as tramitacións administrativas seguintes:

1. Tramitación e seguimento do expediente de subvención ante o Inega.
2. Tramitación do expediente de contratación das obras relativas ao conxunto das instalacións previstas.
3. Xustificación posterior dos investimentos

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade dos concellos encomendantes ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Cuarta. COMPROMISOS ASUMIDOS POLO CONCELLO DE CABANAS COMO REPRESENTANTE DA AGRUPACIÓN.

Coa sinatura do presente Convenio de colaboración o Concello de Cabanas asumirá os compromisos seguintes:

- 1.- O Concello de Cabanas será quen realice todos os trámites administrativos que conflúen nesta actuación compartida, é dicir, tanto os derivados do expediente aberto a instancia da entidade convocante da axuda (Inega), como os relativos ao expediente de contratación e seguimento da execución do conxunto dos traballos.
- 2.- Facultase á Alcaldía de Cabanas para que represente a todos os concellos integrantes da agrupación tan amplamente como sexa preciso, coa finalidade de realizar cantas xestións resulten necesarias ata a execución e xustificación dos investimentos previstos.
- 3.- Asumir todas as condicións e prescricións contidas na Resolución do 18 de Xuño de 2014 , xa citada.



4.- Comprometerse a respectar o destino das instalación subvencionadas por un período mínimo de 5 anos, que se contarán dende a data de xustificación dos investimentos que figure na documentación que obre no expediente da axuda.

5.- Así mesmo o Concello de Cabanas comprométese a facilitar, se é o caso, aos restantes membros da agrupación que así o soliciten, toda aquela documentación que forme parte do expediente administrativo que se esté a tramitar como representante da agrupación.

Quinta. COMPROMISOS ASUMIDOS POLOS RESTANTES CONCELLOS DA AGRUPACIÓN.

Coa sinatura do presente Convenio os referidos Concellos asumirán os compromisos seguintes:

1.- Con respecto á tramitación do expediente de solicitude e xustificación de subvención, facilitarán toda a documentación esixida na Resolución de convocatoria da axuda do Inega.

2.- Así mesmo deberán poñer a disposición do Concello de Cabanas os terreos libres de cargas e gravames, con carácter temporal, e mentres dure a realización das obras. Igualmente asumirase a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias correndo cos gastos que xeren, no suposto de que sexa necesario.

Concederase, se é o caso, a preceptiva licenza de obra para proceder á realización do investimento.

De toda esta tramitación darase traslado ao Concello de Cabanas (representante da agrupación), aos efectos de constancia no expediente correspondente.

3.- Con respecto á tramitación do expediente de contratación será o Concello de Cabanas quen licite as obras.

4.- Transferir a parte proporcional que lle corresponda como achega ao proxecto, unha vez que se aprobe polo órgano competente do Concello o presente convenio e así poder iniciar o expediente de contratación.

O ingreso efectuarase na seguinte conta bancaria de titularidade do Concello de Cabanas: ES1320800201983110000052

5.- Asumir todas as condicións e prescricións da Resolución do 18 de Xuño de 2014, anteriormente mencionada.

6.- Comprometerse a respectar o destino do investimento por un período mínimo de 5 anos contados desde a súa xustificación, quedando os investimentos afectos á actividade subvencionada.

Sexta. PRESUPUESTO E APORTACIÓNS MUNICIPAIS AO PROXECTO

O presuposto para a execución do proxecto de "proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne " ascende á cantidade total de 210.559,46 € (IVE incluído), dos que 8.334,14 € (IVE incluído) correspondente á actuación a desenvolver no Concello de Cabanas, 55.246,08 € (IVE incluído) no Concello de Mugardos, 28.299,79 € (IVE incluído) no Concello de Ares, 21.921,04 € (IVE incluído) no Concello de Fene, 36.066,62€ (IVE incluído) no Concello de Neda, 12.944,70 € (IVE incluído) no Concello de A Capela, 20.178,76 € (IVE incluído) no Concello de Pontedeume, 17.808,68 € (IVE

incluído) no Concello de Miño e 9.759,64 € (IVE incluído) no Concello de Paderne tal e como se reflicte nos seguintes cadros orzamentarios:

INVESTIMENTO TOTAL DESAGREGADO DO PROXECTO CONXUNTO			
Investimentos parciais	Orzamento sen IVE	IVE	Orzamento total
Concello de Cabanas	6.887,72 €	1.446,42 €	8.334,14 €
Concello de Mugardos	45.657,92 €	9.588,16 €	55.246,08 €
Concello de Ares	23.388,26 €	4.911,53 €	28.299,79 €
Concello de Fene	18.116,56 €	3.804,48 €	21.921,04 €
Concello de Neda	29.807,12 €	6.259,50 €	36.066,62 €
Concello de A Capela	10.698,10 €	2.246,60 €	12.944,70 €
Concello de Pontedeume	16.676,66 €	3.502,10 €	20.178,76 €
Concello de Miño	14.717,92 €	3.090,76 €	17.808,68 €
Concello de Paderne	8.065,82 €	1.693,82 €	9.759,64 €
TOTAL INVESTIMENTO CONCELLOS	174.016,08 €	36.543,38 €	210.559,46 €

APORTACIÓNS DOS CONCELOS AGRUPADOS			
Concello	Orzamento total (con IVE)	Importe da axuda (*)	Achega municipal
Concello de Cabanas	8.334,14 €	7.084,02 €	1.250,12 €
Concello de Mugardos	55.246,08 €	46.959,17 €	8.286,91 €
Concello de Ares	28.299,79 €	24.054,82 €	4.244,97 €
Concello de Fene	21.921,04 €	18.632,88 €	3.288,16 €
Concello de Neda	36.066,62 €	30.656,63 €	5.409,99 €
Concello de A Capela	12.944,70 €	11.003,00 €	1.941,70 €
Concello de Pontedeume	20.178,76 €	17.151,95 €	3.026,81 €
Concello de Miño	17.808,68 €	15.137,38 €	2.671,30 €
Concello de Paderne	9.759,64 €	8.295,69 €	1.463,95 €
TOTAL INVESTIMENTO CONCELLOS	210.559,46 €	178.975,54 €	31.583,91 €

*Segundo Resolución do 18 de xuño de 2014 ascende ao 85%

Sétima. RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO.

Cada un dos Concellos asumirá a totalidade dos gastos derivados de cada un dos investimentos que sexan realizados no seu termo municipal, que en parte serán resarcidos en virtude da axuda concedida para a actuación correspondente.

Por conseguinte, o custo das obras para o Concello de Cabanas supón a cantidade de 1.250,12 € (IVE incluído), para o Concello de Mugardos a cantidade de 8.286,91 € (IVE incluído), para o Concello de Ares a cantidade de 4.244,97 € (IVE incluído), para o Concello de Fene a cantidade de 3.288,16 € (IVE incluído), para o Concello de Neda a cantidade de 5.409,99 € (IVE incluído), o Concello de A Capela a cantidade de 1.941,71€ (IVE incluído), o Concello de Pontedeume a cantidade de 3.026,81€ (IVE incluído), o Concello de Miño a cantidade de 2.671,30€ (IVE incluído) e no Concello de Paderne a cantidade de 1.463,95 € (IVE incluído). Todo iso sen prexuízo das posibles baixas que se poidan producir como consecuencia do proceso de contratación do conxunto das

obras por parte do Concello de Cabanas , o que suporía unha diminución proporcional da contía da axuda.

En todo caso, os Concellos de Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne deberán ingresar nas Arcas Municipais do Concello de Cabanas a cantidade de aportación propia que lle corresponda, antes do inicio do expediente de contratación, para poder certificar a existencia de consignación orzamentaria de conformidade co establecido no TRLCSP e no TRLRFL.

De acordo coa Resolución de convocatoria do 23 de decembro de 2013, os pagos que se deriven das obras deberán realizarse por parte do concello representante da agrupación, en todo caso, antes da data límite de xustificación do investimento que segundo o disposto no artigo 21 das Bases reguladoras é o día 31 Outubro 2014, sen prexuízo da prorroga que puidera concederse ampliando esta data.

Para a execución de dito pago os restantes Concellos da agrupación deberán efectuar con cinco días de antelación a data límite de pago a cantidade correspondente ao custo total da actuación en cada Concello descontado a cantidade ingresada de acordo ca cláusula quinta en concepto de aportación propia e de ser o caso a cantidade proporcional correspondente ao 15% de anticipo se fose concedido de acordo co artigo 23 da Resolución de convocatoria do 23 de decembro de 2013 e solicitado en data 10 Marzo de 2014.

Concello	Orzament o total	Investime nto elixible	Importe axuda (85%)	Achega Municipal	Anticipo 25%(*)	A Ingresar
Concello de Cabanas	8.334,14 €	8.334,14 €	7.084,02 €	1.250,12 €	1.771,01 €	5.313,02 €
Concello de Mugar dos	55.246,08 €	55.246,08 €	46.959,17 €	8.286,91 €	11.739,79 €	35.219,38 €
Concello de Ares	28.299,79 €	28.299,79 €	24.054,82 €	4.244,97 €	6.013,71 €	18.041,12 €
Concello de Fene	21.921,04 €	21.921,04 €	18.632,88 €	3.288,16 €	4.658,22 €	13.974,66 €
Concello de Neda	36.066,62 €	36.066,62 €	30.656,63 €	5.409,99 €	7.664,16 €	22.992,47 €
Concello de A Capela	12.944,70 €	12.944,70 €	11.003,00 €	1.941,71 €	2.750,75 €	8.252,24 €
Concello de Pontedeume	20.178,76 €	20.178,76 €	17.151,95 €	3.026,81 €	4.287,99 €	12.863,96 €
Concello de Miño	17.808,68 €	17.808,68 €	15.137,38 €	2.671,30 €	3.784,35 €	11.353,04 €
Concello de Paderne	9.759,64 €	9.759,64 €	8.295,69 €	1.463,95 €	2.073,92 €	6.221,77 €
TOTAIS	210.559,46 €	210.559,46 €	178.975,54 €	31.583,92 €	44.743,89 €	134.231,65 €

*Datos estimados supoñendo un anticipo do 25%.

Logo da xustificación do proxecto e posterior ingreso por parte da Comunidade Autónoma da subvención concedida, o Concello de Cabanas transferirá nos cinco días seguintes o importe de subvención correspondente a cada Concello.

No caso de que resulte minorada a subvención pola Comunidade Autónoma, dita minoración será asumida polo Concello obxecto da mesma ou en todo caso de tratarse dunha minoración conxunta será asumida polos Concellos en proporción a súa participación .

Concello	IMPORTE DA AXUDA CONCEDIDA A DEVOLVER
Concello de Cabanas	5.313,02 €

Concello de Mugardos	35.219,38 €
Concello de Ares	18.041,12 €
Concello de Fene	13.974,66 €
Concello de Neda	22.992,47 €
Concello de A Capela	8.252,24 €
Concello de Pontedeume	12.863,96 €
Concello de Miño	11.353,04 €
Concello de Paderne	6.221,77 €
TOTAIS	134.231,65 €

Oitava. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

O presente convenio, que ten natureza administrativa, terá a vixencia temporal que o vincule coa xestión e execución do seu obxecto.

As discrepancias que xurdan na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello. No non previsto neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á resolución de convocatoria das subvencións.

Os conflitos que se susciten no desenvolvemento deste convenio poranse en coñecemento da citada comisión; no caso de que non se chegue a acordo sobre as discrepancias litixiosas sustanciaranse na arde xurisdiccional contencioso administrativa.

Serán causas de extinción deste convenio:

- non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- incumplimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumplimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

Novena. VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente Convenio quedará automaticamente sen efecto no suposto de que non se perciba finalmente a axuda económica que se solicita do Inega.

No caso de concesión e posterior perfeccionamento do dereito ao cobro da axuda, a súa vixencia será de 5 anos aos efectos de xustificación dos fondos Feder Galicia 2007-2013.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por decuplicado exemplar.

O Alcalde de Cabanas

O Alcalde de Mugardos

Asdo.: Germán Castrillón Permuy

Asdo.: Xosé Fernández Barcia

O Alcalde de Ares

Asdo.: Julio Ignacio Iglesias Redondo

O Alcalde de Neda

Asdo.: José Ignacio G. Cabezón Lorenzo

O Alcalde de Pontedeume

Asdo.: Gabriel Torrente Piñeiro

O Alcalde de Paderne

Asdo.: César Longo Queijo"

O Alcalde de Fene

Asdo.: Gumersindo Galego Feal

O Alcalde de A Capela

Asdo.: Manuel Meizoso López

O Alcalde de Miño

Asdo.: Jesús Sabín Veiga

SEGUNDO.- Facultar ó alcalde do Concello de Fene para realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio.

TERCEIRO.- Proceder á publicación do presente acordo, co contido do convenio, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

4. Aprobación, se procede, da proposta de compatibilidade dun segundo posto de traballo do traballador municipal Lino Ameneiro Seijo

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 4 abstencións (2 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), na Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente realizada o 27.08.2014:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

O 03.10.2013 o Pleno do Concello de Fene concedeu a compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector público ao enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, don Lino Ameneiro Seijo, para impartir docencia na UDC/EPS de Ferrol, en réxime de profesor asociado a tempo parcial, P06, o curso académico 2013-2014 e autorizou a superación dos límites retributivos establecidos na Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, en base a razóns de especial interese para o servizo.

O 21.08.2014 o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, don Lino Ameneiro Seijo, solicita a autorización de mantemento da compatibilidade para impartir docencia na UDE/EPS de Ferrol en réxime de profesor asociado a tempo parcial durante o curso 2014-2015 e con previsión de finalización o 31.08.2015.

Tendo en conta o anterior, esta alcaldía proponlle ao Pleno do concello de Fene que adopte, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, o seguinte acordo:

Conceder a compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector público ao enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, don Lino Ameneiro Seijo, para impartir docencia na UDC/EPS de Ferrol, en réxime de profesor asociado a tempo parcial, P06, o curso académico 2014-2015, con previsión de finalización o 31.08.2015, e autorizar a superación dos límites retributivos establecidos na Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, en base a razóns de especial interese para o servizo"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que votarán a favor da compatibilidade fundamentalmente por que é prorrogar unha situación que xa se vén producindo dende hai tempo. Tamén se pensou na posibilidade de que fose ou non axeitado a compatibilidade de dous postos de traballo nestes momentos de crises, pero a figura de mestre



asociado está pensada para persoas que están activas laboralmente, polo que votarán a favor. No caso contrario de que se privase dun posto de traballo a alguén votarían en contra.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que están en contra deste tipo de actuacións nas Administracións Públicas as persoas poidan acumular dous postos de traballo. Tamén saben cales son as circunstancias concretas deste asunto, xa que a universidade non permite ou non contrata a outra persoa que non reúna estes requisitos, polo que a súa postura vai ser a abstención.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que votarán a favor porque a universidade daralle o posto de traballo a este ou a outro traballador aínda que non está de acordo en que se lle dea traballo a quen xa o ten.

Sometido o asunto a votación foi aprobada por maioría absoluta por 12 votos a favor (6 do grupo municipal do PP, 5 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal mixto) e 5 abstencións do grupo municipal do BNG.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Conceder a compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector público ao enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, don Lino Ameneiro Seijo, para impartir docencia na UDC/EPS de Ferrol, en réxime de profesor asociado a tempo parcial, P06, o curso académico 2014-2015, con previsión de finalización o 31.08.2015, e autorizar a superación dos límites retributivos establecidos na Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, en base a razóns de especial interese para o servizo.

5. Aprobación se procede, da proposta de retribución das funcións da secretaría do Concello de Fene a realizar en réxime de acumulación por don Alejandro Antelo Martínez

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 4 abstencións (2 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), na Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente realizada o 27.08.2014:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

O 12.02.2014 mediante resolución do Director Xeral da Admiministración Local nomeouse ao funcionario do Concello de Fene, don Fernando Aradas García, como secretario accidental do Concello de Fene como consecuencia da baixa da titular do posto, dona Estefanía Manteiga Lamas, con efectos dende o 11 de febreiro de 2014.

Tendo en conta que o secretario accidental municipal, don Fernando Aradas García, solicitou vacacións durante o período comprendido entre os días 10 e 30 de setembro de 2014 (ambos incluídos) este concello solicitou á Dirección Xeral da Administración Local o nomeamento en réxime de acumulación do posto de secretario do Concello de Fene a favor de don Alejandro Ramón Antelo Martínez, secretario do Concello de Neda, do 10 ó 30 de setembro de 2014 (ambos incluídos).

O 13.08.2014 o Director Xeral da Administración Local ditou resolución pola que autoriza a acumulación das funcións da secretaría do Concello de Fene a don Alejandro Ramón Antelo Martínez polo período que vai do 10 ó 30 de setembro de 2014.

Polo desempeño das funcións en réxime de acumulación, don Alejandro Ramón Antelo Martínez ten dereito a percibir ata o 30 % das retribucións que lle corresponden ó posto principal, de conformidade co artigo 44.6 do Decreto 49/2009, coas limitacións sinaladas no artigo 7.1 da Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Tendo en conta o anterior, esta alcaldía propón que o Pleno do Concello de Fene adopte, previo ditame da comisión informativa correspondente, o seguinte acordo:



PRIMEIRO.- Retribuír as funcións da secretaría do Concello de Fene, a realizar en réxime de acumulación por don Alejandro Ramón Antelo Martínez, de xeito proporcional ó 30 % das retribucións que lle corresponden ó posto principal -secretaría do Concello de Neda- e autorizar a superación dos límites retributivos establecidos na Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas en base a razóns de especial interese para o servizo.

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ós servizos económicos do concello para que se realicen os cálculos oportunos e se de cumprimento ó mesmo."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que trátase de traer prestado un secretario doutro concello. Ten serias dúbidas porque van aprobar unha retribución elevada a unha persoa que vai asinar sen saber canto vai parar en Fene, que podería ser xustificadas se fose un período de tempo longo pero semella que vai ser menor dun mes. Ademais hai precedentes no concello de persoal do propio Concello que para este período de tempo pode desempeñar estas funcións. Por iso ten dúbidas.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que na Xunta de Voceiros xa dixeron a súa opinión. O que hoxe se trae aquí non é si se trae a un secretario ou non, senón que tráense as súas retribucións. Parécelle excesivo que se pase do límite do 30% das retribucións. Existe a posibilidade de nomear como secretario accidental a un funcionario do concello para eses días, xa que as retribucións non suporían tantos cartos nin seguramente tampouco habería que traer o asunto ao Pleno. Noutras ocasións se fixo así e por iso van votar en contra.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que o Concello non debe quedar bloqueado por falla de secretario pero tamén entende que nun período de 20 días é moi breve e que se trata de moitos cartos por estar un pouco á espera. En calquera caso o goberno ten a obriga de saber que persoal municipal podería asumir este traballo provisionalmente.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que as retribucións serían semellantes indistintamente de quen fixera a substitución e suporán uns 1000 euros aproximadamente. Non se pode nomear a un funcionario propio porque a normativa cambiou e non hai ningún funcionario que puidera suplir ao secretario agás o notificador que é licenciado en Ciencias Políticas e pensa que non quixera facelo, xa que o traballo non só consiste en votar 3 ou 4 sinaturas. Se non se quere aprobar isto suporá que cousas tan básicas como os certificados de empadramento non se van poder expedir. Serán 20 días que comezarán a computar dende o luns e polo tanto non se van poder asinar as nóminas, os pagamentos de seguros sociais, licenzas e demais asuntos.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que non dixo que o posto de secretario consista so en votar unhas sinaturas. Os secretarios accidentais, antes e agora, fan moito máis, outra cousa é unha persoa que vén por 20 días e que non deixa o seu posto de traballo, que soamente vén por aquí momentos determinados e non ten dedicación exclusiva a Fene. Por iso pregúntase, ¿por 20 días hai que gastar esta cantidade de cartos?. Parécelle excesivo.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que non saben cantos funcionarios municipais reúnen os requisitos e tampouco sabe se lle consultaron ao que os cumpre. Non obstante se agora non se pode facer é por unha Lei do PP e o incremento de soldo a un funcionario municipal evitaría que o asunto viñese ao Pleno. Non obstante, tamén existe algunha alternativa legal dentro da normativa actual para poder facer unha substitución.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que pregunta si se lle preguntou ao funcionario que cumpre os requisitos, xa que unha cousa é dicir "penso que" e outra é ofrecerllo.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que sen infravalorar nin supervalorar, hai determinadas persoas que saben o que teñen que facer no seu traballo e o fan moi ben, facer de secretario non é só asinar un papel, tamén hai que saber o



que se asina, por iso este traballo sábese non só pola formación senón por traballar no posto. Se un administrativo puidera asumir a secretaría tamén ía recibir uns 1000 euros. É certo que se fose así non habería que traer o asunto ao Pleno pero tampouco é tanto problema traelo. No punto anterior votaron a favor e este é o mesmo caso, agás que é un traballador municipal, así non é o mesmo absterse que votar en contra e non pensen que votar en contra é paralizar ao goberno senón que é prexudicar aos veciños e aos traballadores. Díxoselles na Xunta de Voceiros que posiblemente haxa un pleno extraordinario e que tamén haberá Xuntas de Goberno Local, que levan gran contido como pode ser a toma de coñecemento de comunicacións previas, licencias de obras maiores ou facturas para que os provedores poidan cobrar, por iso para celebrar estas sesións precísase dun secretario e dos seus informes.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que o PP dixo mentiras varias, xa que non é certo que na Xunta de Voceiros se falara dun Pleno extraordinario. É certo que antes eran administrativos quen ocupaban este posto no pasado nos períodos vacacionais e que se trataban de desempeñar procesos de trámite puro e duro, xa que hai asuntos de trámite e outros de máis calado, por iso, ¿nestes vindeiros 20 días Fene vai adoptar grandes asuntos de carácter xurídico ou só se van facer asuntos de trámite que un funcionario municipal poida desempeñar como secretario accidental?. Esa é a cuestión e esa son as dúbidas.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que di que hai unha falla de transparencia, así se demostra cando a voceira do PP acaba de mentir cando dixo que se falara do pleno extraordinario na Xunta de Voceiros. Está de acordo co dito de que o goberno prefería que eses cartos os levase algún funcionario do concello que non outra de fóra, que ademais ten un soldo moi elevado. Ademais pola información que teñen, existen alternativas e hai concellos na comarca que fan doutro xeito. Di que o seu traballo non é facer de goberno, por iso dilles que hai outras posibilidades.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que comparte o dito de que non se dixo nada respecto ningún pleno extraordinario.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que retira o dito respecto do anuncio na Xunta de Voceiros da realización dun pleno extraordinario e mantén o dito respecto das Xuntas de Goberno Local. Antes de proceder á votación pensa que debe chamar un pouco á cordura, todos son conscientes de que a secretaria municipal está de baixa por maternidade ata o mes de novembro. O concello traballou sen ningún problema cun secretario accidental que está hoxe aquí que é o técnico de administración xeral que se ten que ir de vacacións. Postos nesta situación analizáronse todas as posibilidades, e se alguén ten algunha proposta, como oposición construtiva debíalles dicir que posibilidade é, xa que segundo o estudado polo goberno non hai outra posibilidade, agás se deixen de realizar 3 Xuntas de Goberno Local, non se asinen nóminas, seguros sociais, non se expidan certificados de empadramento ou non se poida celebrar un pleno extraordinario, porque por calquera circunstancia de urxencia, sexa a que sexa, pode ser que haxa que convocar un pleno extraordinario. O que facemos hoxe aquí xa o fixo o PSOE e o BNG cando gobernaban aínda que non viñera ao Pleno por non superar o límite de salario. O tema non é o salario senón a capacitación para facer fronte a xestión administrativa dun concello de 14000 habitantes durante 20 días e logo non se escatiman 1000 euros noutras cousas. Non obstante quere deixar constancia de que aos veciños que veñan ao Concello llo vai dicir, porque llo debe dicir.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que o seu goberno nunca recorreu a esta fórmula, nin o levou a un pleno nin a esa fórmula de contratación, así os interventores e secretarios que tivo este concello estiveron en dedicación exclusiva sempre, ás veces nomeados provisionalmente, pero non tiveron nunca esta figura. Sorpréndelle os asuntos de calado administrativo que van vir nestes 20 días, por iso os invita para que nestes días tamén convoquen un pleno extraordinario para aprobar inicialmente o PXOM que leva esperando case que 2 anos. En todo caso, o seu voto, facendo uso da responsabilidade, vanse abster sen compartir a contratación e sen compartir o marco legal que fixo o PP, e sobre todo porque o último que queren é que haxa un veciño de Fene que, pola súa falla de previsión e polas leis que aproba o PP, se vexa nunha situación de indefensión ou que non poida facer un trámite administrativo. Advirte que para futuras ocasións, comparte co BNG que hai fórmulas que permiten esquivar a Lei, porque esta responsabilidade que hoxe fai o PSOE non a vai facer nunca máis.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que mantén o que dixeron, que pode haber xente no Concello que pode facer ese traballo e aos que non se lle consultou nada e que tamén hai posibilidades de que outro funcionario, cos informes necesarios, poidan facerse cargo da secretaría. Respecto do dito de que se isto non se aproba llo van dicir a cada veciño que veña polo Concello non lle sorprende, porque o levan facendo dende que chegaron ao goberno, sexa verdade ou mentira, por iso non lle sorprende que digan que todo é culpa da oposición. Este asunto non tiña que vir ao Pleno se a secretaría se lle dese a un funcionario municipal, vén porque ese señor cobra moito, máis ca un Director Xeral.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que a ela si lle importan moito onde se gastan 1000 euros.

Intervén o alcalde para dicir que foi en sentido figurado.

Prosegue a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, dicindo que se isto non sae adiante e non se aproba non é por culpa da oposición, será por culpa de falla de previsión do grupo de goberno.

Rematado o debate, sométese o asunto a votación obténdose, en primeira votación, un empate con 6 votos a favor do grupo municipal do PP, 6 en contra (5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) e 5 abstencións do grupo municipal socialista. A continuación, procédese a facer unha segunda votación obténdose os mesmos resultados que na primeira votación, 6 votos a favor do grupo municipal do PP, 6 en contra (5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) e 5 abstencións do grupo municipal socialista, quedando aprobado o asunto co voto de calidade do alcalde.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

PRIMEIRO.- Retribuír as funcións da secretaría do Concello de Fene, a realizar en réxime de acumulación por don Alejandro Ramón Antelo Martínez, de xeito proporcional ó 30 % das retribucións que lle corresponden ó posto principal -secretaría do Concello de Neda- e autorizar a superación dos límites retributivos establecidos na Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas en base a razóns de especial interese para o servizo.

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ós servizos económicos do concello para que se realicen os cálculos oportunos e se de cumprimento ó mesmo.

6. Mocións urxentes

6.1 Moción do grupo municipal do BNG pola defensa da pluralidade e a participación política e contra a reforma electoral que pretende o PP

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que xustifica a urxencia polas novas destes días sobre a modificación que o PP quere facer á Lei electoral antes das vindeiras seleccións. Esta urxencia do PP de modificar as normas provoca a urxencia desta moción.

Por unanimidade dos concelleiros presentes apróbase a urxencia e incorporación á orde do día da seguinte moción do grupo municipal do BNG, á que o seu voceiro, Juventino José Trigo Rey, dá lectura:

“MOCIÓN POLA DEFENSA DA PLURALIDADE E A PARTICIPACIÓN POLÍTICA E CONTRA A REFORMA ELECTORAL QUE PRETENDE O PP

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despos de 30 anos de se manteren no Estado español certos elementos básicos do sistema electoral, entre os que cómpre salientar a restrición da proporcionalidade que beneficia, sobre todo, os partidos máis votados e con maior implantación, o Partido Popular decidiu desenvolver unha ofensiva en diferentes fronteas contra a democracia, as liberdades públicas e o dereito de participación e de expresión da cidadanía. De aí que pretenda, por unha parte, unha reforma da lei baseada na redución do número de deputados e deputadas para integraren o Parlamento galego e unha reforma



da lexislación electoral para facilitar a investidura automática como alcalde ou alcaldesa da persoa que ocupe o primeiro posto da lista máis votada, aínda que non se corresponda coa expresión da vontade da maioría dos cidadáns e das cidadás que emitiron o seu voto. De feito, o que o PP leva expresado publicamente arredor da súa proposta non é que se escolla o/a alcalde/esa directamente, senón que uns votos posúan máis valor que outros.

Os obxectivos do PP son os de se asegurar con maior facilidade acadar a maioría absoluta e reducir a pluralidade política que a cidadanía expresa a través das urnas. Estamos, pois, ante unha subversión dos alicerces da representación democrática que vai na liña contraria do que defende o BNG. Esta medida, para alén de constituír un intento do Partido Popular de concentrar nas súas mans o maior número de alcaldías, supón, na práctica, unha reforma que incide na concentración de poder nas mans de alcaldes e alcaldesas, privando ao pleno, aos órganos colexiados e, por tanto, á cidadanía de capacidade de control da actuación municipal. De feito, todos os informes especializados e os organismos internacionais sinalan que un dos principais elementos para combater a corrupción é a maior participación política e a pluralidade fronte á concentración do poder. Velaí as verdadeiras medidas anticorrupción que o PP non quere aplicar.

Estamos, pois, ante unha tentativa de lexitimación de concesión dun poder absoluto a órganos unipersoais, que reforzan o presidencialismo e restan pluralidade. Téntase que os gobernos locais non reflectan a pluralidade política e social existente, senón que unha parte poida gobernar ao seu antollo, a través dun/unha alcalde/esa que governe aínda que o seu apoio popular nas urnas sexa minoritario.

O Bloque Nacionalista Galego considera esta proposta profundamente antidemocrática e contraria ao interese do conxunto da sociedade, que continuamente está expresando a súa demanda de exercer unha maior participación, control e transparencia das institucións. Mais tamén xulga que os contidos que o PP está a manifestar publicamente que configurarían a proposta de reforma electoral son contrarios á configuración institucional e de representación política consagrada no actual ordenamento xurídico.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Este concello insta ao Goberno Galego a:

1.- Manifestar a súa rotunda oposición á proposta de reforma da lexislación electoral formulada polo Goberno do Estado que ten como finalidade que ostente a alcaldía a lista que resulte máis votada, reforzando deste xeito a concentración do poder municipal en órganos unipersoais e vulnerando a expresión do pluralismo político da cidadanía e a súa capacidade de participación e control da xestión pública municipal.

2.- Dirixirse ao Goberno do Estado español coa finalidade de instar unha modificación do sistema electoral que favoreza unha mellor expresión nos órganos de representación da pluralidade política da cidadanía e unha maior participación no impulso e decisión das políticas públicas, introducindo medidas tales como:

a) Definición, agás no caso de eleccións municipais, como circunscrición electoral do territorio galego, isto é, incluír como circunscricións electorais únicas as actuais comunidades autónomas.

b) Eliminación da regra de D'Hont da fórmula de asignación da representación nos órganos e substituíndoa por outra que garanta un resultado máis proporcional á vontade expresada pola cidadanía.

c) Eliminación do limiar mínimo para acceder á repartición de representación.

d) Regulación da capacidade de convocatoria de referendos a todas as administracións en asuntos do seu interese, e fixando un catálogo de asuntos que deben ser obxecto de consulta obrigatoria antes de adoptar unha decisión (especialmente aqueles vinculados coa xestión dos servizos públicos), así



como un procedemento para que un determinado número de persoas poida esixir a convocatoria de referendos con carácter vinculante para os poderes públicos.”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que a solicitude de consultas vén polo que pasa en Canarias, respecto do referendo que solicitan en relación coas prospeccións petrolíferas que a maioría dos canarios non están de acordo. Pretenden que o pobo poida decidir en cuestións transcendentais que lle afectan directamente. En relación coa Lei D´Hont di que hai moitos estudos que din que en circunscricións pequenas, como poden ser as provinciais, esta Lei non representa a proporcionalidade e pode ocorrer, como ocorre, que A Coruña para ter un deputado precise case que 150000 votos e en Ourense precisen 80000 votos, así hai outras provincias que con 25000 votos teñen un deputado.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que di que está a favor do primeiro punto porque é antidemocrático e inmoral o que o PP pretende coa Lei electoral. O presidente do goberno dixo que estaba disposto a utilizar a maioría absoluta para cambiar as regras electorais pactadas e consensuadas polo conxunto das forzas políticas do país e iso en calquera outro país chámase cacicada, pucherazo ou algo propio dunha república bananera. Pensa que si que hai que cambiar a Lei electoral, entre outras cousas no que os cidadáns reclaman cada día con máis forza para que os políticos estean máis próximos á rúa ou que os deputados poidan ter circunscricións máis pequenas, pero nunca escoitou cuestionar a ninguén o xeito de elixir aos alcaldes e concelleiros dos municipios, así nos últimos 40 anos non houbo problemas para a elección de alcaldes nos concellos. A única necesidade que pode existir agora para modificar a Lei é suplir a capacidade do PP para chegar a acordos e pactos con ningunha outra formación política pola vía da Lei, así o que o PP pretende é modificar a Lei para que poida gobernar con maioría absoluta cun 30% ou 40% dun municipio, o que cualifica como de barbaridade. A democracia é negociar, consensuar e chegar a entendementos e esta modificación pretende “pasarlle o rodillo” a todo aquel que teñan un voto menos que o que acade a maioría. Os gobernos de coalición representan á maioría, así neste Concello, se houbera un goberno de coalición do PSOE, BNG e EU estarían representando a máis veciños de Fene que o actual goberno do PP, así a Lei, a día de hoxe, segue a beneficiar á lista máis votada pois para elixir alcalde nunha coalición precísase de maioría absoluta. Por iso di que a reforma que se pretende é antidemocrática e só beneficia o interese do PP para manter as alcaldías porque sabe que é o único partido que hai á dereita e que ten máis posibilidades que a esquerda, xa que hai máis formacións políticas e está máis dividida. Outra cuestión denunciante ante calquera organismo internacional é o momento no que se fai, a 8 ou 10 meses da realización dunhas eleccións municipais. Por todo isto non pode estar de acordo na forma nin no fondo, aínda que o PSOE estaría de acordo en sentarse e poder falar de todos os aspectos da Lei electoral. Respecto do segundo punto da moción pide que Galicia sexa unha circunscrición electoral única parécelle unha boa idea, é un territorio, tanto en poboación como en extensión, axeitado para poder selo prescindindo da división provincial, máxime tendo en conta o xeito no que se reparten os deputados totalmente desproporcionado, xa que Lugo e Ourense, por poboación, teñen o dobre de deputados que podía ter Coruña ou Pontevedra. Respecto á Lei D´Hont di que é desproporcionada en certas circunscricións pero tamén é certo que a partir dos 10 escanos a Lei actúa dun xeito proporcional, e así vese neste Concello, onde os 17 concelleiros representan bastante aproximadamente as votos recibidos. Non obstante, poderíase pensar en cambiar a Lei D´Hont pero habería que atopar a fórmula que a substituíra. Respecto da porcentaxe mínima para acceder á representación ten máis dúbidas, pensa que é unha barbaridade a porcentaxe dun 5% para acceder á Xunta de Galicia, que evitou, por exemplo, que EU formase parte do Parlamento de Galicia, pero si pensa que é lóxico que exista unha barreira que impida á atomización dos Parlamentos que permita unha certa estabilidade. Respecto do tema dos referendos, o voceiro do BNG fixo alusión ao de Canarias, que di que é legal, non como o de Cataluña que é ilegal, xa que as Comunidades Autónomas teñen capacidade para consultar sobre temas sociais que lles poden afectar, non obstante, tampouco lle parece mal que se regulamenten mecanismos para a participación cidadá. Por todo isto, pedirían que se puidera votar o punto 1 da moción e o resto dos puntos podelos consensuar e presentalos no vindeiro Pleno.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que non ten inconveniente en retirar o punto segundo da moción, xa que é un exemplo de distintas medidas que se poden tomar, así cada quen que interprete estas ou outras medidas que se poden facer.



Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que pensa que a modificación da Lei electoral é unha cacicada. O PP pretende amarrar aquilo que non controla para que non se lle escape ninguén, así están aparecendo formacións políticas e por iso quere manter a súa representación. Por iso anuncia o voto favorable á moción.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que ao PP non lle chama a atención que o BNG presente esta moción, o que lle sorprende é a postura do voceiro do partido socialista. O que pretende o PP é que os veciños elixan directamente o alcalde, unha proposta que recolle a Constitución. No ano 2004 o señor Zapatero, no seu libro blanco, traía a proposta de elección directa dos alcaldes. Tamén no ano 1998 propuxo unha modificación neste senso para municipios de máis de 250 residentes. Daquela non se puido levar a cabo porque daquela as Cortes disolvéronse e houbo un cambio de goberno. O PP de Rajoy tamén ten esta proposta no seu programa. O PP vai votar en contra desta moción.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que dille á voceira do grupo municipal do PP que entende que se sorprenda o que acaba de ver aquí no Pleno que é democracia, negociación e debate para chegar a acordos, e iso é o que o PP intenta eliminar. Chegar a acordos é o que ocorre nos sistemas políticos chamados democráticos e iso o PP non o entende porque as súas raíces veñen de onde veñen. Respecto da elección directa di que o que está a propoer o PP non é unha elección directa do alcalde, pretende que poidan gobernar candidatos que obteñan o 30% dos votos, cando o resto pode chegar a acordos. Nesta comarca, o PP fixo exactamente o contrario, cando interesa quere isto e cando non interesa quere outra cousa. Por outro lado non hai que ter medo á elección directa do alcalde e tampouco ás listas abertas ou incluso ir a dúas voltas. Todo isto non o está a propoer o PP, só está a coller o que lle interesa de cada sistema.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes Rivera, que dille á voceira do PP que a ve un pouco perdida en temas electorais. Pídelle que deixe descansar a Zapatero xa que a reforma electoral do PP non se pode xustificar con cousas de Zapatero. Non obstante o que propoñía Zapatero naquel Libro Blanco era á elección directa do alcalde que, nada ten que ver coa proposta do PP, así a elección directa, salvando as distancias, é como se elixe ao presidente da República francesa. O PP propón que se fagan as eleccións como se fixeron sempre, con listas de partidos políticos e aquel que teña un voto máis, aínda que obteña os mesmos concelleiros quedará blindado por Lei para gobernar. O exemplo sería Fene, así hoxe en día o Pleno, que xa está baleiro de competencias, tería que estar ao que dixerá o goberno aínda que non represente á maioría de veciños, pois en Fene a suma do PSOE, BNG e EU representa á maioría de feneses. Isto é profundamente antidemocrático e iso é modificar a Lei por puro interese electoral. Reitera que non está en contra de que se poida falar de modificar á Lei electoral pero nos concellos é onde menos falta fai e o que non pode ser é que un só partido político poida modificar a Lei, debe haber un pacto amplo. Tampouco pódese facer a reforma xusto antes das eleccións municipais.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que cada vez que o PP fai ou intenta facer algún cambio pensa que xa nada a pode sorprender, pero curiosamente o PP consegue sorprendela cada vez. O PP ten unha carencia absoluta de moral, honradez e honestidade. Esta reforma é para beneficiar só e exclusivamente ao PP, para gobernar cando e como queira sen ter en conta os votos. Así en Fene, a maioría dos veciños votaron á esquerda e polo que sexa goberna á dereita. Iso mesmo é o que quere impedir o PP.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que non lle sorprende nada que o BNG presente esta moción. Dille ao voceiro do grupo municipal do PSOE que el resucita politicamente ao señor Aznar neste Pleno constantemente e hai máis tempo que desapareceu. Non é cuestión de usar a Zapatero para xustificar a reforma do PP, utilízase para rebater a súa argumentación. Tamén dixo que o PP podía ter a sorte de volver gañar as eleccións, como se a vontade dos veciños non significase nada ou fose unha lotería, o que o cualifica de pouco respecto. A maioría de veciños de Fene votaron a esquerda, iso o sabe todo o mundo pero a solución é ben doada, vaian xuntos ás eleccións, incluso poden ir en coalición.

Sometido o asunto emendado a votación foi aprobada por maioría absoluta por 11 votos a favor (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.



Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Este concello insta ao Goberno Galego a:

1. Manifestar a súa rotunda oposición á proposta de reforma da lexislación electoral formulada polo Goberno do Estado que ten como finalidade que ostente a alcaldía a lista que resulte máis votada, reforzando deste xeito a concentración do poder municipal en órganos unipersoais e vulnerando a expresión do pluralismo político da cidadanía e a súa capacidade de participación e control da xestión pública municipal.

2. Dirixirse ao Goberno do Estado español coa finalidade de instar unha modificación do sistema electoral que favoreza unha mellor expresión nos órganos de representación da pluralidade política da cidadanía e unha maior participación no impulso e decisión das políticas públicas.

7. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal socialista fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que se cubra a praza de bibliotecaria. A concelleira manifestou que existía a posibilidade de cubrir a praza mediante unha empresa, por iso roga que se cubra cun procedemento de contratación pública. Si que se pode facer porque se outros concellos o están a facer para cubrir baixas por enfermidade. No tempo que tarde en facerse, roga que se cubra con persoal da casa, como se ten feito outras veces.

- Roga que se repare unha fuga de auga que hai na avenida da Cooperación en San Valentín.

- Roga que se fale cos responsables para que se actualice a páxina web do Concello porque está inerte dende hai varias semanas.

- Respecto dos colectores de lixo da avenida Marqués de Figueroa á altura do Gadis de Perlío, aínda que se limpou na beirarrúa seguen a existir cheiros importantes derivados dos residuos que os establecementos da zona depositan, polo que roga que se fale con eles novamente e que se faga unha limpeza regular dos colectores e do chan.

- Hai varias zonas do concello que levan varias semanas sen rede wifi polo que roga o seu arranxo.

- ¿En que vai consistir a obra de reparación dos pasos elevados da estación de Perlío?, ¿cal vai ser o orzamento?, ¿significa que van para longo as obras comprometidas por Fomento?.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceias, que di que estase a arranxar o paso elevado de Perlío e logo se arranxará o de Barallobre en base a unha memoria que fixo o enxeñeiro municipal. Contéstalle o alcalde que o arranxo non quita que non se fagan as obras, aínda en agosto estiveron vendo a zona.

- Houbo problemas co alumeadado de Marqués de Figueroa, ¿están arranxados definitivamente?.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceias, que xa se arranxou, que foi un problema eventual.

- Na escola de Chamoso fixéronse cursiños de manualidades, ¿cedeulle o Concello o local a unha persoa en concreto para facer esa actividade ou cedeullo a algunha entidade?, ¿é unha cesión puntual ou máis permanente?. Se o local cedéuselle a unha asociación que xa ten local, ¿cal foi o criterio?, pois hai asociacións que aínda non teñen ningún local cedido e están á espera dun, ¿cobrouse pola actividade?.

Contéstalle a concelleira de Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que dende que chegaron ao goberno case todos os locais están cedidos e eles son partidarios de non ceder ningún local mentres non se regularice a situación. Xa ten dito que queren facer un regulamento que se fará cando se incorpore a titular da secretaría municipal. Dende que gobernan cedéronlle un local, a petición do PSOE, a unha sociedade en Barallobre. Hai outra sociedade que ten temporalmente dous locais, Airiños de Fene. Hai dúas entidades que están á espera, Por máis vida, que precisan un local céntrico



e non lles valía o de Barallobre e comparten local coa Agrupación da Chave de Ferrolterra. Tamén está a asociación de veciños de Fene que dende o 2011 solicitaron local para facer as súas manualidades, por iso, co acordo da asociación As Carabeleiras cedéronlle o uso da sala principal os martes. Non sabe se cobran por estas actividades.

- ¿Hai algunha previsión para traer a aprobación inicial do PXOM?.

Contéstalle a concelleira de Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que esta reforma non é unha gran necesidade senón que se fai por adaptalo á LOUGA que se vai modificar novamente, por iso falou cos redactores do plan para esperar e non avanzar en algo que logo haxa que volver atrás.

- ¿Hai previsión de aprobar un regulamento do campo de fútbol dos Pinares?. Se non é así roga que se faga.

Contéstalle a concelleira de Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que xa lle ten dito que non van facer un regulamento do campo de fútbol senón que van facer unha modificación do regulamento de uso das instalacións deportivas. Na Comisión Informativa de Cultura de xullo comentou que tiñan un borrador feito pero na súa revisión atoparon uns erros que tiveron que cambiar e espera levalo á Comisión de setembro.

- Este é o terceiro pleno no que distintos grupos políticos se fan eco dunha praga de ratas no Concello e roga que se tome algún tipo de medida para desratizar parques e rúas, xa que afecta a zonas céntricas.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Painceias, que dende hai 15 días estase a facer un plan especial, puxéronse caixas especiais en distintas zonas e outras medidas.

- En relación coa ruptura da auga que houbo hai uns días nas Pías, ¿quen vai pagar o arranxo?, vaino asumir Viaqua como obra de reparación ou vai ser o Concello de Fene quen pague. Roga que se lle dea prioridade a esta obra xa que é a principal entrada de auga a Fene.

Contéstalle o concelleiro de Obras, Alejandro Dopico Martínez, que será Viaqua quen vai asumir a obra. O Concello xa está traballando na elaboración do que suporía unha nova canalización.

- No Pleno anterior, o seu partido rexeitou un convenio para a xestión do punto limpo de Vilar do Colo e o goberno municipal quedou en encargar un informe á Deputación ao respecto, ¿xa se encargou o informe?.

Contéstalle o alcalde que di que solicitóuselle o informe á Deputación ao día seguinte. Posteriormente a Deputación volveu solicitar a mesma información que xa se lle achegara e logo solicitaron que a Mancomunidade lles achegase o prego de condicións administrativas, que estaba no estado de borrador. Agora estase á espera de que a Deputación emita o informe.

- ¿Está solicitado o permiso para facer a limpeza do río Cádavo ao longo de Fene e Perlío?.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Painceias, que está pedido e concedido dende o mes de maio para a limpeza do río Cádavo e o río Bao.

- ¿Hai algún avance sobre a obra que o conselleiro de Medio Ambiente anunciou que ía facer para canalizar o río Cádavo en Perlío?.

Contéstalle o alcalde que non escoitou esa promesa, dixo que se ía estudar o tema porque pasouse dun orzamento de 200000 euros a máis de 600000 euros, segundo o proxecto que aínda non entrou no Concello. Está pendente de facer unha xestión en Medio Ambiente para tentar axilizar esa obra.

- ¿Hai un prazo para pagar aos traballadores municipais que teñen débedas contraídas e recoñecidas, incluso pola Xunta de Galicia?.

Contéstalle o concelleiro de Persoal, Alejandro Dopico Martínez, que pensa que hai unha reclamación do anterior secretario municipal e pensa que para o mes pode estar solventado o tema.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- ¿Hai pensado algún tipo de acto promocional o vindeiro día 10 co gallo da volta ciclista?.

Contéstalle a concelleira de Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que a día de hoxe non hai nada pechado. Ocorrúselles invitar ás escolas como se facía hai anos. Evidentemente haberá algo no Museo do Humor.



- Roga que a praza da bibliotecaria se cubra mediante oposición ou concurso público, sen que participe ningunha empresa externa.

Contéstalle a concelleira de Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que a súa idea é sacar unhas bases pero agora mesmo hai 3 ou 4 persoas de vacacións. Agora mesmo vaise contratar a unha empresa de servizos, como se fixo outras veces na biblioteca, cun contrato temporal xa que este servizo non se pode deixar de prestar. Engade o alcalde que tratará de axilizar o tema porque tendo secretario tratarán de sacar as bases antes dos 20 días.

- Recibiron queixas dun dos camións do lixo que verte os líquidos dos colectores aos poucos metros de arrancar, polo que semella que debe ter algo roto. Roga que se revisen os camións do lixo.

- Roga que se fale con Fenosa para que se proceda ao soterramento das 2 ou 3 liñas que quedan en Perlío, na rúa Antonia Montero e en Ameneiral.

- Roga que se arranxe o muro e as escaleiras da escola de Chamoso.

- Roga que a elección do fenés do ano se paralice e se cambie por outro acto que ben pode estar relacionado co Museo do Humor, xa que consideran que é a institución que turisticamente pode ter máis atractivo para traer xente a Fene ou a ferverza do Beelle, que curiosamente non está na guía. Por iso rogan que se suspenda ese procedemento de selección, xa que pensa que está mal organizado, que o procedemento ten moitas lagoas, que legalmente non hai por onde collelo e non se axusta ao ROF, que esixe un regulamento especial e un órgano de goberno que o aprobe, xa que ningunha comisión avaliadora pode nomealo, por iso está fóra de lugar. Tal e como está enfocado isto non ten nin pés nin cabeza. Tamén di que a oposición soubo polos xornais que se ía facer esta distinción de fenés do ano. Se lles facilitou información do procedemento cando xa estaba feito, a oposición non tivo opción de intervir e opinar sobre o procedemento. Por iso roga que se suspenda o procedemento para depuralo. Lembra que no 2008 xa se tentou facer algo semellante coa homenaxe as corporacións da 2ª República e houbo un informe da secretaría que alegou que para outorgar ese tipo de distincións era preceptivo que o Concello, previamente, aprobase un regulamento e por iso aquel acto suspendeuse. Por iso roga que se suspenda este nomeamento e que se informe á oposición das cousas que se teñan previsto facer antes que a prensa, para que a oposición poida opinar e aportar cousas ás propostas.

Contéstalle o concelleiro Juan José Franco Casal que estas actividades foron anunciadas hai meses agás 2 ou 3, incluso foron reclamadas para que se puxeran en marcha canto antes. Respecto do fenés do ano di que non se vai poder atender a súa petición xa que o proceso está moi avanzado. Lamenta que non queira participar. Non obstante as dúbidas sobre a legalidade foron consultadas e non existe ningún problema de legalidade, outra cousa sería que fose un acto oficial, trátase dunha distinción proposta polas asociacións. Os políticos que estean no acto non farán ningunha proposta, trátase dun protagonismo das asociacións de Fene. Respecto da queixa de que non se fomente o Museo do Humor di que estas actividades son complementarias ás do ano pasado no que a guía turística si tiña como protagonista as paraxes naturais e o Museo do Humor. Agora trátase de potenciar ás parroquias, como tamén se fai dende as actividades que organiza Cultura.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, di que na Comisión non dixo en ningún momento que non quixeran participar. Díxose que presentaran un escrito e que tal e como está organizado probablemente que non participen. Logo de ver o procedemento viron que non é o procedemento razoable para o que se pretende facer. O seu grupo quere e parécelle interesante que se poida facer, pero hai que facelo segundo un regulamento. Agora semella que é un acto das asociacións e o artigo 4, artigo que está redactado dende o Concello, establece que o galardonado pode sentar nun lugar preferente no Pleno e iso non cree que as asociacións poidan esixírllelo ao Concello.

O concelleiro Juan José Franco Casal di que hai que ler todo o texto, xa que o texto di respectando a lexislación vixente.

A voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que fai os seguintes rogos e preguntas:

- Respecto do nomeamento do fenés do ano quere deixar constancia da mesma queixa. Souberon deste acto pola prensa. Facilitóuselles algo feito e logo se lles pide colaboración. Contactouse coas entidades veciñais, pero só con algunhas, e non entende porque si con unhas e con outras non.



- Quere sumarse ao rogo feito respecto da praza da bibliotecaria, xa que semella que vai ser unha baixa prolongada.

- Quere sumarse ao rogo das ratas, xa que as queixas dos veciños están aí.

- ¿Quere saber que pasou co local onde está a sociedade do buceo?.

Contéstalle a concelleira de Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que sufriron un roubo no local e tramitaron a correspondente denuncia. Fixeron unhas reparacións na porta, outras reparacións foron coa colaboración municipal.

- ¿Hai algunha novidade ou cambios do persoal dos colexios?.

Contéstalle a concelleira Juana Barro Couto que di que só ten constancia do cambio de 2 directores do colexio, no Ramo e na Xunqueira.

- ¿Hai algunha información respecto das últimas novidades de Navantia e o levantamento do veto?.

Contéstalle o alcalde que non ten máis información que o se leu nos xornais, había a teima de que logo de que expirase o prazo podía ter que haber unha negociación pero o comisario europeo anunciou que o levantamento era automático o que non lle supón ningunha novidade. Respecto do futuro non sabe nada.

- En relación co dito de que non se está pola labor de sacar adiante o regulamento do campo de fútbol di que o outro día estivo no campo de fútbol cos pais dos nenos aos que se lles achegou un horario do mes de setembro e se lles dixo que logo se facilitaría o dos vindeiros meses. Os pais quéixanse de que non poden organizar as distintas actividades dos nenos. Por iso pregunta, ¿cal é o problema de non ter un horario para toda a tempada?. Roga que se teñan en conta as queixas dos pais.

Contéstalle a concelleira de Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que os horarios os solicitan os clubs e son os clubs os que fixan os días e horarios que adestrarán, non o Concello. A día de hoxe estase aplicando o actual regulamento que establece que a pretemporada corresponde co mes de setembro. Cando se aprobe o novo regulamento tamén haberá uns horarios de pretemporada que será os que se lles facilite aos clubs, tanto de fútbol, como de ximnasia e demais cos horarios de setembro.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 20.05 h., de todo o que como secretario dou fe.

O alcalde

O secretario accidental

Gumersindo Pedro Galego Feal

Fernando Aradas García